



O MUSEO EN CAMIÑO

ACTIVIDADE 1

O enigma dos petróglifos de Poio

ACT. 1

O enigma dos petróglifos de Poio

FICHA TÉCNICA DA OBRA

Título: *A Laxe das Picadas*

Autor/a: Descoñecido

Data: III-II milenio a. C. Idade de Bronce

Lugar: Montecelo (Poio)

Técnica: Petróglifo con deseño xeométrico en granito



A *Laxe das Picadas* é un petróglifo que estaba situado na tomada de Rey Domínguez en Montecelo (Poio), e alí foi fotografado por Ramón Sobrino Buhigas no ano 1917. O

petróglifo presenta na súa superficie varias combinacións circulares, algunha figura cuadrúpede e múltiples coviñas ás que alude a súa denominación.

Os petróglifos, tamén denominados «insculturas», son figuras ou inscricións insculpidas nunha materia dura, particularmente en pedra; gravados realizados ao aire libre que din moito da ocupación prehistórica dun territorio; expresións gráficas que expresan crenzas relixiosas e contidos ideolóxicos ou artísticos.

ACTIVIDADE

Actividade divulgativa e de investigación para descubrir o apaixonante mundo da arte rupestre e a súa presenza na nosa contorna empregando a estratexia do *escape-room* como metodoloxía lúdico-educativa.

Para que?

- Achegar a arte rupestre ao público infantil e xuvenil.
- Empregar ferramentas lúdicas para a ensinanza da historia e da arte.

- Aplicar as fases dunha metodoloxía de investigación como contido dunha actividade educativa e de lecer.

Contidos

- A arte rupestre en Galicia: as formas, o territorio, a historia.
- O método de investigación científica: fases e accións implicadas.
- O *escape-room* como ferramenta didáctica.

Como se fai?

Tómase o proceso de investigación como modelo para deseñar unha serie de tarefas motivadoras onde as nenas e os nenos terán que responder unha serie de preguntas para resolver o enigma proposto.

1.º Presentación do reto.

2.º Xogo: pártese dunha pregunta inicial a modo de adiviñanza. Os e as participantes, divididos en grupos, terán que ir descubriendo distintas pistas. Para resolver cada pregunta que vaia aparecendo haberá que buscar información en diferentes soportes (dicionarios, catálogos de arte, teléfono, ordenador, imaxes...) e desenvolver distintas tarefas propias da investigación (lectura de textos, procura de información na web, análise de imaxes, creación de debuxos interpretativos...).

Duración

1:30 h.

Agrupamentos

Grupos de tres persoas.

Materiais e recursos

- Pistas, selección de textos, debuxos, lapis, papel de calco, lanterna.
- Mapa coa situación dos petróglifos.